



“Coplas analfabetas”, por Antonio Tizón

Pepe Cunha

27 de agosto de 2025

<https://abretedeorellas.com/coplas-analfabetas-por-antonio-tizon/>

Nun ano dedicado ás cantareiras, a publicación deste libro podería parecer unha mostra de oportunismo, pero o propio autor apunta que *fructifica agora despois de moitos anos de intentos baldíos*. Coñecemos Antonio Tizón en especial pola serie de novelas de serie negra protagonizada polo inspector Pereiro, mais tamén cultiva poesía e relato. Estas “Coplas analfabetas”, que acompaña dunha parte musical coordinada por Eugenia Sanmartín, supoñen para el a súa obra máis emotiva e especial, pois están inspiradas pola súa avoa e madriña María Dominga Cordeiro García, muller analfabeta como probablemente moitas das transmisoras da nosa lingua e cultura desde a oralidade das cantigas populares. “*Non sei ler nin escribir, prohibíronme ir á escola, comenencia tan só de homes, de condesas e de monxas*”. Deste xeito, esta publicación vén sumar na dignificación e a homenaxe dunhas voces tan silenciadas ou agochadas como necesarias.

As coplas aparecen divididas en dous grupos: «Coplas analfabetas e revolucionarias» e «Coplas de vida trala morte». As primeiras amosan o esquecemento e as inxustizas padecidas polas clases populares; as segundas serven de reflexión sobre trascender, o tempo que pasa, as lembranzas, o pouso que deixan. O prólogo corre a cargo de Anxo Angueira, actual presidente da Fundación Rosalía de Castro, ben acaído para sinalar a influencia rosaliana dos versos, e a capa e ilustracións son obra da pintora María do Carme Quinteiro Alonso. En canto á parte recitada e musicada, accesíbel via códigos QR, está coordinada pola actriz, cantante e compositora Eugenia Sanmartín co apoio na produción do músico Daniel Adzemian. Consta de catorce cortes divididos en cinco coplas por cada grupo dos antes mencionados e catro “*extra, cancións extraordinarias, colaboracións especiais*”. Entre as músicas invitadas atopamos Barahunda, Davide Salvado ou Carmen Penim.

Se ben non estamos ante unha obra insospeitábel ou trasgresora no lírico-musical, si recoñecemos o valor didáctico e salientábel de partir da figura inspiradora de María Dominga para reivindicar esas mulleres imprescindíbeis. Con estas “Coplas analfabetas” reivindícase a tradición oral galega e a identidade a través dun versos que invitan a lembrar, aprender e reflexionar para coñecérmonos como pobo e sermos conscientes e críticos, que non é pouco.

Publicado por Editorial Elvira